



“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DA ESTRADA 2013”.

CONCURSO DE DISFRACES:

Dando continuidade ó que se ven celebrando dende hai varios anos na Estrada, en consideración á gran importancia que o entroido ten na Estrada e na nosa comarca. Así como a relevancia que ten na nosa zona, o concello convoca o Concurso de Disfraces o vindeiro día 11 de Febreiro de 2013.

1. Obxecto e fins da convocatoria

Estas bases teñen por finalidade regular os criterios de concesión dos premios do Concurso de Disfraces.

A dotación global do Concurso é de 1.025,00 €, con cargo á partida nº 330.489.00

Os fins que persegue este concurso son :

- A orixinalidade e creatividade persoal*
- A participación activa e humorística no desfile*

2. Beneficiarios

Poderán participar neste certame tódalas asociacións, barrios, parroquias, colexios e persoas que o desexen

Non se porán limitacións en canto ao número máximo de participantes, pero sí haberá un número mínimo de cinco persoas para a categoría de grupos.

As inscricións faranse no Departamento de Cultura do Concello, das 9 ás 14 horas, ou chamando ós teléfono 986 573 000 en horario de mañá ou ó 689 435 981 en horario de tarde. Admitiranse inscricións ata unha hora antes do comezo do concurso.

3. Xurado

O Concurso será xulgado na súa totalidade polo Secretario Xeral de Política Línxüística D. Valentín García, polo Concelleiro de Cultura D. Juan Constenla, polo representante da escola municipal de teatro D. Gonzalo Valcárcel e polo membro de Producións Tripode e colaborador radiofónico D. Juan Pedro Pérez Pérez.



4. Criterios de valoración

Neste Concurso valoráranse os aspectos artísticos dos disfraces, a orixinalidade, a creatividade e teráse en conta ademáis a participación activa e humorística no desfile.

5.- Contía dos premios.-

O Concurso estará dividido en:

ADULTOS

CATEGORÍA INDIVIDUAL

1º premio.....	50,00 euros
2º premio.....	30,00 euros
3º premio.....	20,00 euros

CATEGORÍA PARELLAS

1º premio.....	100,00 euros
2º premio.....	75,00 euros
3º premio.....	50,00 euros

CATEGORÍA GRUPOS

1º premio.....	400,00 euros
2º premio.....	200,00 euros
3º premio.....	100,00 euros



6.- Celebración do concurso.-

A celebración do concurso terá lugar o día 11 de febreiro de 2013 ás 17:00h. iniciándose a saída do desfile na Pza. da Feira e rematando na Pza. da Constitución.

7.- Entrega de premios.-

Os premios entregaranse no día da celebración do concurso polo Alcalde D. José C. López Campos, o concelleiro de Cultura D. Juan Constenla Carbón, e a Concelleira de Mocidade D^a. Lucía Seoane Rosende

Os premiados deberán asinar un recibín onde se mencione a cantidade correspondente e entregar unha copia do carné de identidade.

Os recibíns, xunto coa acta, resolución, e demais documentación integrante do expediente, será entregada para a súa fiscalización e control perante a Intervención municipal, a cal poderá recabar calquera outra información que estime oportuna para o exercicio das súas funcións.

8.- Aceptación.-

A inscrición neste concurso ante o Concello da Estrada supón a total aceptación destas bases.

A Estrada 11 de xaneiro de 2013